

CIRCULAR

MAGOSTO e SAMAÍN

Ola a todos e todas! Como xa sabedes, acércase a celebración do **Magosto** e do **Samaín**, que terá lugar o venres 3 de novembro.

Queremos manter as **nosas tradicións** e, como en anos anteriores, realizaremos a exposición de **CABAZAS**, **COLARES DE ZONCHOS** e **CENTROS DE OUTONO** (este curso será soamente exposición, non concurso). Poden traerse ao centro a partir do martes 24 coa idea de ter tódolos traballo na escola para o venres 3, que será o día da nosa celebración. Todos os traballos presentados **deberán identificarse cun carteliño** onde apareza claramente o nome do autor ou autora e o curso ao que pertence para poder devolvelos se os alumnos e alumnas queren retiralos.

IMPORTANTE: Lembrámosvos que cada neno ou nena deberá traer unha **presíña de castañas picadas** (LEMBRADE PICALAS, POR FAVOR) o martes 31 a máis tardar, lembrade que o día 1 é festivo e o día 2 xa teñen que saír parte das castañas para o forno onde nolas van asar. Con todas as castañas recollidas faremos o Magosto. Este ano tamén degustaremos chourizos asados con pan, visto o éxito que tiveron en cursos anteriores, así que non é preciso que mandedes merenda ese día.

AGRADECEMOS á **ANPA** a colaboración no reparto de zume e auga que acompañará á degustación das castañas e chourizos, e tamén a súa colaboración económica axudando nas compras para a festa.

Por suposto, **os nenos/as poden vir disfrazados o día 3**. A idea da festa do Magosto e o Samaín é recuperar o noso e evitar a parte máis americana da festa, por iso suxeriremos ás familias que os disfraces sexan o máis galegos posible con personaxes de druída, santa compañía, mouras, meigas ... relacionados coas lendas e as tradicións galegas, evitando sangue e personaxes máis macabros, propios de películas de terror.